

## **DIRECTRICES XERAIS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS**

**OS ORIXINAIS QUE NON RESPECTEN ESTES CRITERIOS, SALVO EXCEPCIÓN DEBIDAMENTE XUSTIFICADA, SERÁN DEVOLTOS ATA A CORRESPONDENTE SUBSANACIÓN.**

**1)** Os traballos presentados serán orixinais e inéditos. Non se admitirán, agás casos debidamente xustificados e coa pertinente aprobación da Comisión Editorial Académica, simples refundicións nin segundas edicións, a non ser, no seu caso, de títulos previamente editados na mesma serie.

**2)** Para a selección, avaliación e control de calidade dos orixinais, lea Vde. a nosa política de calidade.

**3)** Os orixinais presentaranse en arquivo .doc (MS Word) con configuración de páxina estándar (DIN A4; marxes 2,5-2,5 [sup.-inf.] x 3-3 esq.-der.); Times New Roman corpo 12, notas corpo 10; interliñado sinxelo / 1'5 liñas).

Pregamos encarecidamente que —de ser posible— adxunten tamén unha copia do orixinal en formato .pdf para comprobar posibles erros na composición do texto ao abrir o arquivo .doc (MS Word).

### **4) Estrutura**

Na primeira páxina consígnase o título da obra (sen subtítulo, caso de o ter), centrado, no terzo superior da páxina; a páxina 2 deixarase branca; na páxina 3 irá o nome do autor/es, centrado, en minúscula, na parte superior das páxinas; no medio da páxina, centrado, o título e subtítulo da obra. Se a obra é colectiva e editada, o nome do/s editor/es ou coordinador/es e a súa mención de responsabilidade farase despois do título. A páxina 4 deixarase branca. Na páxina 5, se non existen outros contidos (lema, dedicatoria...) irá o índice.

Estrutura epigráfica: se a obra se divide en partes diferenciadas, para a mención de cada parte reservarase páxina impar propia coa volta branca. Os capítulos (no seu caso, de cada parte) iniciaránse co título do mesmo en letra grosa corpo 14 e aliñación esquerda, precedido ou non da mención literal **Capítulo n**, sendo **n** un número arábigo ou romano. Proponse un cadro xeral para a estrutura epigráfica de cada capítulo (con aquelas adaptacións que o autor poida considerar eventualmente oportunas ou necesarias):

#### **1.1. [n.n.] Titular de segundo nivel (epígrafe de capítulo)**

[minúscula, grosa, sen sangría]

##### **1.1.1. [n.n.n.] Titular de terceiro nivel (subepígrafe de capítulo)**

[minúscula, grosa, cursiva, sangrado]

##### **1.1.1.1. [n.n.n.n.] Titular de cuarto nivel (sub-subepígrafe de capítulo)**

[minúscula, fina, cursiva, sangrado]

**5)** Dentro da mesma epígrafe, os parágrafos separaranse por punto e á parte SEN DEIXAR RETORNO EXTRA ENTRE PARÁGRAFOS, non sendo nos casos que tal proceder se xustifique (cambio de epígrafe; branco editorial significativo e v. punto 9). Tras punto e á parte, os parágrafos levarán sangría de primeira liña. Nas epígrafes con sangría (n.n. e n.n.n.), o texto comezará con sangría; nas epígrafes sen sangría (n.n.n.n.), o texto comezará sen sangría.

**6)** Como norma xeral, recoméndase limitar o aparato crítico ao indispensable, procurando evitar notas ao pé de dimensións excesivas que obriguen a pasar o texto dunha nota á páxina seguinte á da súa correspondente chamada. En calquera caso, as notas irán en series correlativas diferenciadas por capítulo.

**7)** En canto á puntuación dos números das chamadas a nota ao pé, admítense os dous sistemas: número antes do signo de puntuación ( ...é contundente na súa opinión<sup>13</sup>. ) ou número despois do signo de puntuación ( ...é contundente na súa opinión.<sup>13</sup> ), aínda que, como norma xeral e por coherencia ortotipográfica, recoméndase este último. O número en superíndice da chamada vai, en calquera caso, pegado ao texto, sen ningún espazo. NON se aceptarán orixinais nos que algunha(s) das referencias de nota figuren antes do signo de puntuación e outra(s) despois.

**8)** Sistema de **citas e bibliografía**. En función das prácticas convencionalmente establecidas nas diferentes áreas de coñecemento, admítense calquera do tres sistemas de citación e referenciación bibliográfica estandarizados na escritura científico-técnica: **Vancouver; Harvard e ISO: 690**.

EN CALQUERA CASO, NIN EN TEXTO PRINCIPAL NIN EN NOTA, SE USARÁ A MAIÚSCULA PARA AS CITAS E REFERENCIAS A AUTORES.

Asegurar a coherencia entre os diferentes traballos en canto á citación e referenciación bibliográfica é unha das responsabilidades dos coordinadores de obras colectivas.

**9)** Citas textuais: usaranse comiñas angulares « » para as citas curtas inseridas no texto. O texto da cita, dentro das comiñas, irá en letra normal (redonda). NUNCA SE COMBINARÁN, PARA ESTE FIN, COMIÑAS + CURSIVA. Ex.:

En opinión de Joaquín Rodríguez, «entre os anos 1999 e 2006 vivimos a brevisima historia da primeira fase do libro electrónico», opinión que seguramente resulta hoxe indiscutible.

Para citas longas fóra de texto, farase retorno extra antes e despois da cita, sangría á esquerda, e letra normal nun corpo menos. NUNCA SE ENGADIRÁN, PARA ESTE FIN, COMIÑAS NIN CURSIVA. Ex.:

Con todo, a lóxica e boa parte dos textos normativos recomendan a práctica contraria. En opinión de Martínez de Sousa,

polo que respecta á puntuación que corresponde á palabra tras a que se coloca a chamada, é obvio que aquela debe ir antes que esta, xa que a chamada é extratextual e a puntuación non. Non é este o sistema máis seguido, pero non atopo razóns para antepor a chamada ao signo puntuario.

**10) Signos especiais:** en todos os casos en que sexa necesario o uso de aspas, usaranse exclusivamente aspas angulares « ». En enumeracións con viñetas e usos parentéticos, usarase exclusivamente a raia —. Ex.:

Podemos falar de:

- formato do libro;
- formato dos pregos de papel;
- formato dixital.

Nalgún outro caso —é especialmente significativo o dos tumbos do noroeste—, non se puideron determinar as causas desta ausencia.

En MS Word, estes signos, e calquera outros, incorpóranse doadamente ao teclado coa tecla de método abreviado: *insertar-símbolo-teclas-alt+tecla* que se desexe no recadro *nova tecla de método abreviado-asignar*.

Por outra banda, caso de usárense fontes tipográficas non convencionais ou especiais deberán achegarse os arquivos de fonte correspondentes.

## 11) Material gráfico

- **Propiedade intelectual.** Respecto do material gráfico, o/s autor/es responsabilízase /responsabilízanse de garantir que posúe/n os dereitos de reprodución / conta/n coa correspondente autorización / non é precisa autorización por estar en dominio público. A Universidade de Santiago de Compostela exímese de calquera reclamación derivada dun uso incorrecto do material gráfico ou calquera outro material por parte do/s autor/es.
- **Criterios técnicos.** O formato recomendado das imaxes é .jpg ou .tiff (nunca .gif); a resolución recomendada é 300 píxeles por polgada (ppp), non admitíndose baixo ningún concepto resolucións inferiores a 200 ppp.
- **Modo de presentación.** O ideal é que as imaxes se acheguen, cos criterios devanditos, como arquivos separados con nomes significativos (p.e., *img1*, *fig1...*), con clara indicación no texto da súa localización. No seu caso, as lendas ou pés de figura deben gardarse tamén nun arquivo de texto .doc específico. Como criterio xeral, no proceso de maquetación procurárase a mellor reprodución das imaxes en combinación co texto, en función da resolución das mesmas e o seu tamaño, procurando situar as imaxes o máis preto posible dos textos que as refiran.